

As novas propostas que o noso territorio necesita


O II Seminario Symbios, celebrado o 19 de xuño en Santiago de Compostela, contou con espazos de participación activa de todas as persoas participantes: un par a identificación de obstáculos e outro para a ideación conxunta de propostas para a calidade de vida nos territorios en crise demográfica.

A través do traballo en grupos pequenos e da posterior posta en común plenaria, propuxéronse un conxunto de liñas que presentamos a continuación, coa súa codificación.



Por unha parte, para ordenar as propostas segundo o seu énfase na inclusión, a sustentabilidade ou a intelixencia, empregouse un panel con forma de margarida. Tal como se sinala no recadro, as cores dos pétalos nos permiten distinguir a colocación das propostas na mesma.

Por outra parte, unha vez rematada a presentación de todas as propostas, cada participante pudo seleccionar as tres que consideraba máis prioritarias. O número que acompaña a cada proposta é o número de persoas que a priorizaron.



A margarida serviunos para ordenar as propostas por códigos de cores (pétalos):
 Azul: sustentabilidade
 Verde: sustentabilidade + intelixencia
 Amarelo: intelixencia
 Laranxa: Intelixencia + inclusión
 Encarnado: Inclusión
 Violeta: Inclusión + sustentabilidade
 Chocolate: Inclusión + sustentabilidade + intelixencia

Crear modelos de traballo por contaxio (15)

Moitas formas de facer implántanse no rural por imitación. Trataríase de potenciar este efecto contaxio. Nesta liña, menciónase 'Conectar a xente con experiencias de autoestima para contaxiala' e 'Visibilizar experiencias para darlle forza a novas iniciativas'.

Potenciar o carácter endógeno dos proxectos (14)

Que non veñan de fóra a dicirmos como temos que facer. Contando sempre coa participación activa da comunidade. Na mesma liña, tamén se mencionou 'traballar de abaixo cara arriba'

Educar na sustentabilidade (10)

Non só no aspecto ambiental da sustentabilidade, senón no que atinxe ao patrimonio material e inmaterial, á valoración da terra e do modo de vida rural. Esta educación debера incorporarse aos niveis regrados do ensino.

Pasar á acción (8)

Temos a sensación de que moitas destas propostas xa as puñamos enriba da mesa hai anos. O importante é poñelas en práctica sen demora.

Promover o intercambio xeracional (7)

A xente maior ten importantes achegas de coñecemento para a xente nova e tamén ao revés. Nunha liña semellante, tamén se indicou 'Encontros interxeracionais: identificar problemas, prioridades...'

Modernizar o mundo rural preservando a identidade (7)

No mesmo sentido, menciónase 'Innovación: posta en valor do que xa temos'

Prestar acompañamento integral aos proxectos (6)

Do mesmo xeito que os servizos de extensión agraria promoveron no seu día a 'modernización' agraria e gandeira, deberan existir servizos de apoio integral a novos proxectos en perspectiva de sustentabilidade, intelixencia e inclusión, que apoiem a maduración dos proxectos, a súa posta en marcha e tamén a súa consolidación unha vez empezan a funcionar.

Empoderamento da xente (6)

Promover o capital social e as capacidades da comunidade

Crear condicións de habitabilidade (5)

Transporte, saúde, tecnoloxía...

Promover proxectos sustentables por si mesmos, sen axuda pública (4)

Evitar a excesiva dependencia de fondos públicos así como a descontinuidade das intervencións por mor do remate do financiamento.

Medidas de apoio locais (4)

Para potenciar sectores como a agricultura e o turismo. Ás veces é preciso recorrer a instancias que non son próximas ao territorio para obter estes apoios.

Educar, cualificar e despois seguir educando (4)

Formación ligada ao emprendemento (4)

Custodia do territorio por poboación local (3)

Quen deben liderar a custodia do territorio son os actores locais



Universalizar o traballo en rede (3)

Debe ser a metodoloxía para desenvolver políticas públicas e tamén para proxectos concretos.

Difusión da cultura tradicional para aumentar a autoestima colectiva (3)

Monitorización do financiamento e dos seus resultados (3)

Cómpre facer seguimento e avaliación real do impacto das políticas e programas, para orientalos de forma máis correcta. Tamén cómpre 'Realizar avaliacións cualitativas das medidas políticas'. Os indicadores cuantitativos non esgotan a avaliación e é preciso incorporar tamén a dimensión cualitativa.

Fórmulas para aproveitar recursos infrautilizados (3)

Montes ou terras en man común, terras de propiedade ausente, etc.

Asociacións de apoio ao emprendemento (3)

Formación, asociacións locais...

Potenciar a economía social (3)

Empresas de inserción, cooperativas, emprego protexido, etc. No mesmo sentido, indícase 'Aumentar os incentivos a modelos de empresa tipo cooperativa'

Sumar (2)

Espazos, recursos, proxectos e servizos compartidos. Na mesma liña, menciónase 'compartir sinxeleza nas necesidades e confianza'. Son moitos os recursos, os saberes e as relacións cos que se conta.

Potenciar o capital cultural (2)

Todos os activos que están no territorio teñen potencial que debe ser aproveitado: a propia forma de pensar e os modelos de relación. É sustentable, é intelixente e é inclusivo.



Fomentar un modelo de RSE que conecte coas comunidades rurais (2)

Potenciar os servizos de proximidade (2)

Nunca máis facer posible o que non é necesario (2)

Moitas infraestruturas e programas representaron un uso ineficiente de recursos.

Escoitar ás iniciativas locais para planificar o desenvolvemento rural (1)

O Plan de desenvolvemento rural 2014-2020 debera outorgar protagonismo ás iniciativas sustentables e viables desde o punto de vista económico, que terán moito que dicir nas liñas dese plan.

Integración real das iniciativas (1)

A nivel das accións públicas e taén das iniciativas reais presentes no territorio

Intercambio de experiencias entre persoas de distintas comunidades (1)

Coherencia e continuidade (1)

As iniciativas e os proxectos deberan ser coherentes entre si: se neste foro estamos marcando unhas liñas e, ao mesmo tempo, noutro foro, márcanse as contrarias, non se avanzará. Por outra parte, as intervencións deben ter continuidade no tempo.

Innovar diversificando (1)

Uso de fondos de desenvolvemento rural

Coordinación das distintas administracións e entidades

Visibilizar as sinerxias dos diversos sectores

Facilitar o uso das TIC

Que as TIC se acomoden ás necesidades reais das persoas e das iniciativas. Facer un mellor uso, sen caer no fetichismo das TIC. Funcionan ben cando non pensamos nelas como fin, senón que nos serven como instrumento.

Adequar os servizos

Non deben ser sempre os mesmos servizos que os que se prestan no medio urbano, senón que deben atender ás necesidades e recursos específicos de cada rural, incorporando tamén a diversidade existente entre os territorios.

Transporte

'Compartir transporte a nivel local, sen necesidade das novas tecnoloxías' e 'Potenciar a rede de transporte público' inciden en garantir a accesibilidade aos diferentes servizos. Fomentar os debates sobre o local'.

Vivenda para potenciar o asentamento

Facilitar o asentamento no rural para profesionais que traballan nel. Existen moitas persoas que traballan no rural e viven nas cidades: profesorado, persoal sanitario, persoal municipal, etc.

Subvencionar a fixación de poboación nova no territorio

Crear redes de cooperación entre territorios

Xestionar o patrimonio (cultural, edificado...)

Integración de sectores de actividade

Agricultura, turismo...

